



CONCELLO DE REDONDELA

## NOTA INFORMATIVA sobre medidas tributarias adoptadas pola Oficina de Xestión Tributaria e Recadación do Concello de Redondela tras a declaración do estado de alarma debido á evolución do COVID-19

Ante a situación de emerxencia sanitaria que estamos vivindo, na Oficina de Xestión Tributaria e Recadación do Concello de Redondela estamos poñendo todos os medios e recursos o noso alcance para garantirles o mellor servizo e facer fronte ó contaxio da enfermidade.

**Non se preocupe se ten algún trámite pendente.** Sabemos do impacto negativo que esta crise sanitaria está tendona economía de todos os cidadáns, por isoo Concello de Redondela adoptou unha serie de medidas excepcionales, baseándonos no recentemente publicado RD Ley 15/200 de 21 de abril, que perseguen axudar a sobrelevar esta situación.

**As medidas máis salientables serían as seguintes:**

- **Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica 2020:** o periodo voluntario de pagamento será do **29 de Maio ó 31 de Xullo** (o cargo en conta dos recibos domiciliados será o 1 de Xullo). ***Pola situación de emerxencia actual e co fin de evitar riscos recomendámoslle que domicilie o Imposto de Vehículos e o resto de impostos e taxas municipais*** (a data límite para domiciliar o Imposto de Vehículos fíxase no 15 de Maio).
- **Taxa Postos da Feira 2020:** fixarase un novo periodo voluntario de pagamento e unha nova data para o cargo en conta dos recibos domiciliados e rectificaranse os recibos de padrón en función do número de feiras que non se realicen polo estado de alarma.
- **Taxa Escola de Música:** non se aprobarán nin por tanto se volverán a cargar recibos en conta ata que se reanuden as clases.
- **Fraccionamentos:** os fraccionamentos aprobados que tiveran previsto un cargo en conta o 20/05 cargaranse definitivamente o 30/05 (xunto con aqueles que viñeran devoltos no cargo en conta realizado o 30/04).
- **Domiciliacións:** os cargos en conta das domiciliacións da Taxa de Mercados do 1º Bimestre 2020 e da Taxa de axuda no fogar de Marzo 2020, cargaranse en conta o 30/05.

Para obter mais información sobre o estado e prazos de pagamento dos seus recibos e liquidacións, ou calquera outro trámite que desexe consultar, a Oficina de Xestión tributaria e Recadación prestará os seus servizos, mentres dure o estado de alarma, a través das seguintes canles:

- Internet, na dirección <https://redondela.tributoslocales.es>
- No teléfono: **986 408374**
- Ou por correo electrónico: [redondela@canaltributos.com](mailto:redondela@canaltributos.com)